



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 17 DE ABRIL DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
LUCÍA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia o Concelleiro:
ISMAEL DURÁN BEREIJO

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE
(Resolución nº 228/2026 de data 16.04.2026)

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:48 horas do día 17 de abril de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 30.03.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 30.03.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENCIA DE EDIFICACIÓN PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS A NOME DE CATASTRAL: REF.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14-04-2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 17-04-2026, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:	2025/U022/000019
Asunto:	Licenza de edificación para instalación de ascensor e eliminación de barreiras arquitectónicas
Interesado/a:	
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	PROYECTO BÁSICO PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR y ELIMINACIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS EN ARRIBA DA PONTE 19, CEDEIRA
Data documento	Agosto 2025
Redactor/a	Patricia Figueira Fornos Arquitecta COAG 4406
Data incorporación expediente	14/10/2025

Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	08/04/2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	13/04/2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección/Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Ben/s catalogado/s en Casco Antigo	PBA	SI	Autorización favorable XTC-2025-1937.AUI



Réxime de aplicación e parámetros urbanísticos

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial en núcleo antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA do PXOM de Cedeira
Finalidade da actuación	Mellora da accesibilidade do edificio existente mediante instalación de ascensor
Uso ó que se destinará	Residencial colectivo existente
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Redactor/a	Patricia Figueira Fornos Arquitecta COAG 4406
Dirección da obra	Patricia Figueira Fornos Arquitecta COAG 4406
Dirección de execución da obra	David Couselo Mendez COATAC 1317
Coordinación de seguridade e saúde	David Couselo Mendez COATAC 1317
Orzamento de execución material	54.274,10 €



Altura, volumes e ocupación de parcela Os existentes permitidos:

Condicións particulares:

1. A licenza outórgase con eficacia diferida: a documentación achegada, correspondente a proxecto básico, considérase suficiente para o outorgamento da licenza municipal, pero insuficiente para o inicio das obras, que quedará condicionado á achega do correspondente proxecto de execución.
2. As obras deberán executarse sen introducir modificacións substanciais respecto da solución autorizada e sen menoscabo das condicións de seguridade, salubridade e accesibilidade preexistentes, agás na medida amparada pola excepcionalidade das NHV admitidas.
4. Finalizadas as obras, deberá presentarse certificado final de persoa técnica competente e acreditación da correcta xestión dos residuos de construción e demolición.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a excepcionalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinacións das NHV:

Anexo I B.1.3. Patios interiores, no relativo aos parámetros do patio interior afectado pola implantación do ascensor.

Anexo I B.2.1.1. Acceso ao portal, nos extremos reflectidos nas follas resumo achegadas co proxecto.

Anexo I B.2.1.2. Ámbito interior do portal.

Anexo I B.2.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.

Anexo I B.2.3. Espazos de comunicación, no relativo ao espazo libre esixido en cada planta.

2.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

3.- As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.

4.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5.- Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.



6.- Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

7.- Notificar o presente acordo á persoa interesada dándolle así mesmo traslado ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN. PROXECTO MODIFICADO DE EDIFICIO PLURIFAMILIAR EN NOME DE CEDEIRA APARTAMENTOS S.L. REF. CATASTRAL:

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14-04-2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 17-04-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:	2026/U022/000005
Asunto:	Licenza de edificación. Proxecto modificado de edificio plurifamiliar en
Interesado/a:	Cedeira Apartamentos S.L.
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de edificación – proxecto modificado

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	Proxecto de execución modificado de edificio plurifamiliar en Travesía de la Playa nº 12 (memoria e planos) e declaración de non modificación do PEM
Data documento	10/02/2026 (Sinatura dixital)
Redactor/a	Diego Pérez Bargiela Arquitecto COAG 3447
Data incorporación expediente	26/03/2026

Informes municipais



Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	27/03/2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	13/04/2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección/ Autorización	Doc.	Consta	Observacións
Costas	Parcela afectada polo réxime sectorial litoral xa tido en conta no título anterior; a modificación non introduce novas afeccións urbanísticas nin sectoriais.	PBA/PX	SI	Mantéñense as condicións sectoriais do título anterior.
Outras afeccións sectoriais	Non se aprecian novas afeccións derivadas do proxecto modificado.	PBA/PX	-	Sen novas autorizacións sectoriais derivadas da modificación.

Réxime de aplicación e parámetros urbanísticos.

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial e terciario en edificación aberta (URTA 1)
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	URTA 1
Finalidade da actuación	Modificación do proxecto de execución autorizado, mediante redistribución interior e axustes puntuais
Uso ó que se destinará	Residencial 2º categoría/ Garaxe aparcamento e local sen uso definido
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal



Categoría das obras	a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazo máximo de interrupción das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Prórrogas	E posible solicitalas
Redactor/a	Diego Pérez Bargiela Arquitecto COAG 3447
Dirección da obra	Sen modificación respecto ao título anterior
Dirección de execución da obra	Sen modificación respecto ao título anterior
Coordinación de seguridade e saúde	Sen modificación respecto ao título anterior
Orzamento de execución material	2.391.788,99 €
Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos:	Segundo PXOM Cedeira 1995 e E.D. expte. 2022/X999/000100
• Altura cornixa:	13,10 m / 15,90 m
• Volume:	Sen modificación respecto ao título anterior
• Superficie construída:	3.709,90 m ² computables
• Ocupación:	90,05 % sobre rasante (1.072,60 m ²)

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2. As obras executaranse de acordo coa documentación técnica contida no expediente.
3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.



De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4. Que se dilixencie a documentación técnica obxecto de licenza.
5. Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/16. EXPEDIENTE: 2026/G006/000104

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15-04-2026, que literalmente di:

“Expediente: 2026/G006/000104

Asunto: RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/16

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/16 que suma un importe total de 108.813,21 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/595	26 96	28/02/2026	B82485855	HALLKUSS	FEBRERO DE 2026	SE	1621	22700	44.417,14 €
F/2026/707	V-FACTUR26 2026/0240	28/02/2026	A15379803	SOGAMA	Xaneiro 2026 / Reducción	SE	1623	22799	21.533,01 €
F/2026/798	V-FACTUR26 2026/0720	28/02/2026	A15379803	SOGAMA	Febreiro 2026 / Reducción	SE	1623	22799	19.498,42 €
F/2026/868	26 130	31/03/2026	B82485855	HALLKUSS	1 AL 16 DE MARZO DE 2026	SE	1621	22700	23.364,64 €
								TOTAL	108.813,21 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 14.04.2026 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2026/16.

Visto o Decreto de Alcaldía número 219/2026 de data 14.04.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento. Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/16 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026, que é o prorrogado do ano 2025, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 108.813,21 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 108.813,21 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000141



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 15-04-2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2024 E 2025 E LIQUIDACION. EXP: 2026/X999/000141

Solicitude: 202390000001686
Data: 30/11/2023
Solicitante: DEPUTACION DA CORUÑA
S/EXPTE: 2019EXP35029484

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647809
Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647824
Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647822
Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647807
Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647803
Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmoble:

Enderezo: R/
Ref catastral:
Nº fixo recibo: 253000647804
Exercicios: 2024 e 2025



Datos ben inmueble:

Enderezo: R/

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647823

Exercicios: 2024 e 2025

Datos ben inmueble:

Enderezo: R/

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647817

Exercicios: 2024 e 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 2, expte. 2019EXP35029484, en data 30/11/2023 e nº de rexistro de entrada 202390000001686, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación dos exercicios 2024 e 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación dos recibos dos exercicios de 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo; e comunícase pola Deputación da Coruña que concorren as circunstancias para a anulación das taxas indicadas por variación do titular catastral do inmueble, e liquidación ao actual obrigado tributario ditas taxas.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóbiles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible



O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)



							PROP. (100,00%)
--	--	--	--	--	--	--	-----------------

VII. Anulación e baja en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2024 e 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647809	20243515022RL01R001900					2024	81,73 €
253000647824	20243515022RL01R001904					2024	81,73 €
253000647822	20243515022RL01R001902					2024	81,73 €
253000647807	20243515022RL01R001905					2024	81,73 €
253000647803	20243515022RL01R006073					2024	81,73 €
253000647804	20243515022RL01R006072					2024	81,73 €
253000647823	20243515022RL01R001903					2024	81,73 €
253000647817	20243515022RL01R001901					2024	81,73 €

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647809	20253515022RL01R002214					2025	79,08 €

CVD: 1eJbhUB9dM/Tcv0r7lqj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 20/04/2026 16:50:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 21/04/2026 10:47:00)
Versión imprimible
CVD: rHBjtmKt6H1Ww3S1hNqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



253000647824	20253515022RL01R002218	2025	79,08 €
253000647822	20253515022RL01R002216	2025	79,08 €
253000647807	20253515022RL01R002219	2025	79,08 €
253000647803	20253515022RL01R002697	2025	79,08 €
253000647804	20253515022RL01R002696	2025	79,08 €
253000647823	20253515022RL01R002217	2025	79,08 €
253000647817	20253515022RL01R002215	2025	79,08 €

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647809	20243515022RL01R001900					2024	81,73 €

CVD: 1eJbhUB9dM/Tcv0r71qj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>

FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 20/04/2026 16:50:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 21/04/2026 10:47:00)

Versión imprimible

CVD: rHBjtmKt6H1Ww3SlhNqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



253000647824	20243515022RL01R001904	2024	81,73 €
253000647822	20243515022RL01R001902	2024	81,73 €
253000647807	20243515022RL01R001905	2024	81,73 €
253000647803	20243515022RL01R006073	2024	81,73 €
253000647804	20243515022RL01R006072	2024	81,73 €
253000647823	20243515022RL01R001903	2024	81,73 €
253000647817	20243515022RL01R001901	2024	81,73 €

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647809	20253515022RL01R002214					2025	79,08 €
253000647824	20253515022RL01R002218					2025	79,08 €
253000647822	20253515022RL01R002216					2025	79,08 €
253000647807	20253515022RL01R002219					2025	79,08 €

CVD: 1eJbhUB9dM/Tcv0r71qj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>

FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 20/04/2026 16:50:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 21/04/2026 10:47:00)

Versión imprimible

CVD: rHBjtmKt6H1Ww3S1hNqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



253000647803	20253515022RL01R002697	2025	79,08 €
253000647804	20253515022RL01R002696	2025	79,08 €
253000647823	20253515022RL01R002217	2025	79,08 €
253000647817	20253515022RL01R002215	2025	79,08 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2025-26”, E DA CORRESPONDENTE FACTURA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14-04-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación DA certificación NÚM. 2 DA obra "MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2025-26", e da correspondente factura

Expte. 2025/C003/000005

Mediante o acordo da Xunta e Goberno Local de data 26.09.2025 foi adjudicada a obra “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” á empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. polo importe de 82.522,00 euros, IVE incluído.

Visto que con data 06.04.2026 (R.E. 2026/999/703) D. José No Varela, en representación da empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S.A., con CIF A15013162, adjudicataria da obra



denominada “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais. AGADER 2025-26” presentou a seguinte documentación:

- Certificación núm. 2 da obra de data 06.04.2026 polo importe de 30.556,42 € (IVE incluído)
- Fotografía do cartel de obra
- Reportaxe fotográfica

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2026/917, de data 06.04.2026, núm. de factura FE26 33, correspondente á certificación núm. 2 da obra “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” por importe de 30.556,42 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 13.04.2026 emitiuse informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra núm. 2 e factura presentada.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2026, que é o prorrogado do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

Propoñe á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra núm. 2 de “Mellora da capa de rodadura de camiños municipais Agader 2025-26” a favor do contratista JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A., con CIF A15013162 polo importe de TRINTA MIL QUINIENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (30.556,42 €).

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de F/2026/917, de data 06.04.2026, núm. de factura FE26 33, con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2026, que é o prorrogado do ano 2025, e aprobar a correspondente



factura, por un importe de TRINTA MIL QUINIENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (30.556,42 €).

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2026, que é o prorrogado do ano 2025, por un importe de TRINTA MIL QUINIENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (30.556,42 €).

CUARTO.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria e ao director da obra.

QUINTO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+2025. Nº DE EXPEDIENTE: 2025/C003/000001

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16-04-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCION. POS+2025

Nº Expediente: 2025/C003/000001

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2025 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Mellora do parque infantil da Praza da Constitución”, por procedemento aberto, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 23.12.2025 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA PRESENTACIÓN
1	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	18.01.2026
2	JARDINERIA ARCE S.L.	19.01.2026
3	MERAKI CR, S.L.	19.01.2026
4	ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	16.01.2026



A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 23 de xaneiro, e 4, 11,13, 23 e 26 de marzo de 2026, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións das empresas presentadas, resultando admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.
- 2.- Nomeamento dun comité de expertos co obxecto de valorar os factores de adxudicación non avaliados de forma automática, e remisión da documentación contida nos sobres B (referencias técnicas)
- 3.- Valoración dos criterios baseados en xuízos de valor elaborado polo comité de expertos, co seguinte resultado:

Fase I:

Nº. OFERTA	LICITADOR	Puntuación
1	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	12,83 (*)
2	JARDINERIA ARCE S.L.	33,67
3	MERAKI CR, S.L.	35,33
4	ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	21,50

(*) A empresa BAHIA PARK S.L. non acadou a puntuación mínima indicada no PCAP, polo que resulta excluída da seguinte fase do procedemento de licitación.

4.- A oferta económica presentada é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica (sen IVE) (€)	Puntuación	temeraria
JARDINERIA ARCE S.L.	70.976,41	7,97	non
MERAKI CR, S.L.	72.380,91	5,26	non
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	68.332,63	13,07	si (*)

(*) A oferta presentada por ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. incorre en presunción de anormalidade, polo que foi requirida para xustificar a mesma.



5.- A documentación presentada pola empresa ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. foi valorada polo comité de expertos, coa conclusión de que non se atopa suficientemente xustificada ao non garantir que as condicións económicas propostas sexan compatibles coa correcta execución do contrato conforme ás prescricións técnicas establecidas; polo que a Mesa acorda excluír á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. da presente licitación.

6.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Fase II:

Licitador	Criterio C.I. Oferta económica (Sen IVE) (€)	Criterio C.II.1			Criterio C.II.2	
		Plantilla	Personal fixo	%fixos	n.º mulleres	% mulleres
MERAKI CR S.L.	72.380,91	25	25	100	5	20
JARDINERIA ARCE S.L.	70.976,41	149	149	100	12	8,05

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Puntuación total Fase II
MERAKI CR S.L.	5,34	15	15	35,34
JARDINERIA ARCE S.L.	8,09	15	10,07	33,16

7.- A puntuación total é a seguinte:

Licitador	Puntuación Fase I criterios non avaliábles mediante fórmulas	Puntuación Fase II criterios avaliábles mediante fórmulas	Total
MERAKI CR S.L.	35,33	35,34	70,67
JARDINERIA ARCE S.L.	33,67	33,16	66,83

8.- A oferta presentada pola empresa MERAKI CR, S.L. é a mellor valorada. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

9.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

CVD: 1eJbhUB9dM/Tcv0r7lqj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>
 FIRMANDO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 20/04/2026 16:50:00) ,
 Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 21/04/2026 10:47:00)
 Versión imprimible
 CVD: rHBjtmKt6H1Ww3S1hNqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.cedeira.gal/>



- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Mellora do parque infantil da Praza da Constitución” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF: B06909501
Importe:	72.380,91 € + 15.199,99 € (IVE). TOTAL: 87.580,90 €

Con data 08.04.2026 a empresa MERAKI CR, S.L. presentou a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 3.619,04 € mediante o aval núm. 010000025631 de data 07.04.2026 da entidade SOGARPO, S.G.R.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación na súa reunión de data 13.04.2026, resulta correcta.

Con data 14.04.2026 emitiuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Mellora do parque infantil da Praza da Constitución” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF: B06909501
Importe:	72.380,91 € + 15.199,99 € (IVE). TOTAL: 87.580,90 €
Prazo de execución:	3 meses

2.- Dispoñer, pola contía de 87.580,90 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 171.63500 do estado de gastos do orzamento municipal do 2026, que é o prorrogado do ano 2025.

3.- Notificar a MERAKI CR, S.L., adxudicatario da obra “Mellora do parque infantil da Praza da Constitución” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

CVD: 1eJbhUB9dM/Tcv0r71qj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/
FIRMADO POR María del Mar Antón Brage (FECHA: 20/04/2026 16:50:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 21/04/2026 10:47:00)
Versión imprimible
CVD: rHBjtmKt6HlWw3SlhNqg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/



4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MADALENA. POS+2025. Nº DE EXPEDIENTE: 2025/C003/000002

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16-04-2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MADALENA. POS+2025

Nº Expediente: 2025/C003/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2025 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Madalena”, por procedemento aberto, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 23.12.2025 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA PRESENTACIÓN
1	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	18.01.2026
2	JARDINERIA ARCE S.L.	19.01.2026
3	MERAKI CR, S.L.	19.01.2026



4	ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	19.01.2026
---	---------------------------	------------

A Mesa de contratación nas súas reunións de datas 23 de xaneiro, e 4, 11,13, 23 e 26 de marzo de 2026, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións das empresas presentadas, resultando admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.
- 2.- Nomeamento dun comité de expertos co obxecto de valorar os factores de adjudicación non avaliados de forma automática, e remisión da documentación contida nos sobres B (referencias técnicas)
- 3.- Valoración dos criterios baseados en xuízos de valor elaborado polo comité de expertos, co seguinte resultado:

Fase I:

Nº. OFERTA	LICITADOR	Puntuación
1	INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	0,00 (*)
2	JARDINERIA ARCE S.L.	34,83
3	MERAKI CR, S.L.	36,00
4	ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	24,50

(*) A empresa BAHIA PARK S.L. non acada a puntuación mínima indicada no PCAP, polo que resulta excluída da seguinte fase do procedemento de licitación.

4.- A oferta económica presentada é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica (sen IVE) (€)	Puntuación	temeraria
JARDINERIA ARCE S.L.	127.927,09	9,42	non
MERAKI CR, S.L.	131.717,01	5,40	non
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	120.128,32	17,68	si (*)



(*) A oferta presentada por ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. incorre en presunción de anormalidade, polo que foi requirida para xustificar a mesma.

5.- A documentación presentada pola empresa ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. foi valorada polo comité de expertos, coa conclusión de que non se atopa suficientemente xustificada por non garantir que as condicións económicas propostas sexan compatibles coa correcta execución do contrato conforme ás prescricións técnicas establecidas; polo que a Mesa acorda excluír á empresa ZONA DE OBRA O ROSAL S.L. da presente licitación.

6.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo IV do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Fase II:

Licitador	Criterio C.I. Oferta económica (Sen IVE) (€)	Criterio C.II.1			Criterio C.II.2	
		Plantilla	Personal fixo	%fixos	n.º mulleres	% mulleres
MERAKI CR S.L.	131.717,01	25	25	100	5	20,00
JARDINERIA ARCE S.L.	127.927,09	149	149	100	12	8,05

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Puntuación total Fase II
MERAKI CR S.L.	5,48	15	15,00	35,48
JARDINERIA ARCE S.L.	9,56	15	10,07	34,63

7.- A puntuación total é a seguinte:

Licitador	Puntuación Fase I criterios non avaliábles mediante fórmulas	Puntuación Fase II criterios avaliábles mediante fórmulas	Total
MERAKI CR S.L.	36,00	35,48	71,48
JARDINERIA ARCE S.L.	34,83	34,63	69,46

8.- A oferta presentada pola empresa MERAKI CR, S.L. é a mellor valorada. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta empresa está debidamente



constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

9.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adjudicación do contrato denominado “Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Madalena” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF: B06909501
Importe:	131.717,01 € + 27.660,57 € (IVE). TOTAL: 159.377,58 €

Con data 08.04.2026 a empresa MERAKI CR, S.L. presentou a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 6.585,85 € mediante o aval núm. 010000025632 de data 07.04.2026 da entidade SOGARPO, S.G.R.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación na súa reunión de data 13.04.2026, resulta correcta.

Con data 14.04.2026 emitiuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adjudicar o contrato de obra denominado “Mellora do parque infantil da Praza da Constitución” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	MERAKI CR, S.L. CIF: B06909501
Importe:	131.717,01 € + 27.660,57 € (IVE). TOTAL: 159.377,58 €
Prazo de execución:	3 meses

2.- Dispoñer, pola contía de 159.377,58 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 171.63500 do estado de gastos do orzamento municipal do 2026, que é o prorrogado do ano 2025.



3.- Notificar a MERAKI CR, S.L., adxudicatario da obra “Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Madalena” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

6.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

7.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 192/2026 DE DATA 01.04.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O RIESCO DE INCENDIOS FORESTAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2026-PR460E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 192/2026, de data 01.04.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O RIESCO DE INCENDIOS FORESTAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL PARA O ANO 2026-PR460E

Vista a ORDEN de 9 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos, para a elaboración e implantación de plans de protección civil para o risco de incendios forestais de ámbito municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 PR460E, publicada no DOGA número 38 de 26 de febreiro de 2026.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á participación nesta convocatoria de axudas.

Visto o orzamento presentado pola empresa APORTA COMUNICACIÓN AMBIENTAL S.L.U. para “Elaboración e Plan De Protección Civil Para O Risco De Incendios Forestais De Ámbito Municipal no Concello de Cedeira segundo as indicacións do Plan Especial De Protección Civil Ante Emerxencias Por Incendios Forestais Na Comunidade Autónoma De Galicia, PEIFOGA” cun orzamento sen IVE de 10.000 € e de 12.000€ con IVE.



Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria para o ano 2026 das axudas para a elaboración e implantación de plans de protección civil para o risco de incendios forestais de ámbito municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 cun orzamento sen IVE de 10.000€ e de 12.000€ con IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais obrigas establecidas na Orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

10.1. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISIÓN DE FESTAS DE RÉGOA NIF V70546338.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17-04-2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000108

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2025: COMISIÓN DE FESTAS DE RÉGOA NIF V70546338.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións para comisións de festas parroquiais 2025, que foron aprobadas por resolución de alcaldía núm. 375/2025 do 29 de xullo de 2025.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de Régoa NIF V70546338.

Visto o informe favorable de Intervención de data 17 de abril de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:



PRIMEIRO. Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de Régoa NIF V70546338.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:57 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE